




## **INFORME TRIMESTRAL FEBREIRO-ABRIL 2011**

### **CORREDOR DE XÉNERO (Tiruchirapalli-Karaikal)**

## Introdución

O programa “Corredor de xénero” inclúe os distritos de Tiruchirapalli e Karaikal e leva en marcha dende 2008 co obxectivo de conseguir o empoderamento das mulleres e un desenvolvemento con enfoque de xénero a todos os niveis entre as comunidades empobrecidas de ambos distritos, que inclúen a 20.000 persoas. Inicialmente o proxecto tiña previsto incluír tamén o distrito de Thanjavur e formar así un corredor físico pero finalmente non puido completarse o plan inicial por falta de fondos. Aínda así, dende 2008 os traballos continúan coa poboación prevista. Este informe achega información sobre as actividades desenvolvidas de febreiro a abril de 2011.



## Actividades



- **Empoderamento das mulleres**

**-Grupos de axuda mutua:**

*Obxectivo: Ao final do ano formaranse 100 grupos de axuda mutua cun total de 2000 integrantes.*

A formación de grupos de axuda mutua é un tema de fundamental importancia para o proxecto. Os grupos de axuda mutua son asociacións de mulleres, entre 12 e 20, que se reúnen de forma mensual para tratar problemas comúns e para aforrar dos seus propios cartos. Este fondo vaise rotando en créditos que as mulleres mesmas deciden a quen dar, con que interese con que prazos de devolución. É unha forma endóxena de que as mulleres teñan acceso ao capital para negocios ou necesidades correntes do día a día. Igualmente, cumpre unha importante función en canto ao empoderamento das mulleres, dado que proporciona unha plataforma común dende a cal solucionar problemas tanto persoais como sociais das súas integrantes ou da comunidade en xeral. Os grupos son unha fonte de apoio mutuo para as mulleres e melloran a súa autoestima e capacidades de acción política.





Neste período formouse un grupo novo en Karaikal con 20 integrantes e en total o proxecto chegou a 69 grupos con 953 integrantes. Foron capaces de mobilizar ata o momento a cantidade de **34,130 €**

Ademais, o programa facilitou que os grupos puidesen acceder a crédito bancario e foi así que 10 grupos recibiron apoio de institucións financeiras. Un grupo de Thuvrankurichi, na zona rural de Tiruchirapalli recibiu **925 €** como fondo rotatorio. O proxecto tamén mobilizou **26,962 €** para actividades de xeración de ingresos do Indian Bank da cidade de Tiruchirapalli.

#### **-Alfabetización de mulleres adultas**

*Obxectivo: ao final do programa 100 mulleres terán recibido apoio para alfabetizarse.*

O programa tenta superar o analfabetismo imperante sobre todo entre as mulleres cun programa específico axustado ás súas necesidades a través do cal as traballadoras de base van identificando e visitando regularmente ás mulleres analfabetas. As clases impártense de forma diaria na casa das interesadas durante as horas que teñen libre durante o día e tentando reunir a varias beneficiarias nunha mesma casa para aumentar a eficiencia. Neste período 75 mulleres recibiron apoio para aprender a ler e escribir.

#### **-Atención a mulleres embarazadas:**

O proxecto presta atención especial á saúde das mulleres e fai seguimento das mulleres embarazadas para asegurar a vacinación e seguimento médico axeitado. Durante este período identificáronse 256 mulleres embarazadas ou acabadas de parir e 228 recibiron de forma correcta a vacinación.

- **Actividades educativas**

#### **-Clases de apoio:**

*Obxectivo: ao final do proxecto 750 crianzas, 375 mínimo nenas, asistirán de forma regular ás clases de apoio.*



Para compensar a falta de apoio familiar na educación (debido ao analfabetismo dos proxenitores ou outras circunstancias) e para axudar ás crianzas a mellorar na educación, especialmente ás nenas, o proxecto puxo en marcha clases de apoio en todos os suburbios e aldeas incluídas neste. Cada día á tardiña as nenas e nenos reúnen-se coa traballadora de base para repasar temas, facer os deberes ou aprender novos contidos. Durante este período asistiron 341 nenas e 211 nenos (552) ás clases de apoio.

#### **-Centro de informática:**

O proxecto conta cun centro de informática para proporcionar formación sobre todo a mozas de forma que poidan acceder a un mellor emprego. Durante este período 10 alumnas asistiron ás clases no centro de Tiruchirapalli. Ata o momento 15 mozas e 1 mozo remataron o certificado de edición e ao final deste período 4 rapazas entraron novas no centro.

#### **-Xuntanzas entre familias e profesorado**

Para mellorar a implicación das familias na educación das crianzas e con especial énfase na asistencia dos pais como medida correctora de xénero, o programa organiza xuntanzas regulares co profesorado para debater e orientar ás familias sobre a importancia da educación e o traballo das súas fillas e fillos. En total asistiron 367 mair e 110 pais ás xuntanzas, unha cifra que aínda cómpre mellorar dende o punto de vista do reparto equitativo das tarefas pero que polo menos constitúe un avance importante na implicación dos homes en cuestións do coidado.







### **Xestión do programa**

O programa conta con tres coordinadoras e catro traballadoras de apoio para os grupos de axuda mutua, apoio de xénero e sanidade. O programa conta con dúas contables e dúas instrutoras de informática. Ademais, o Centro de Atención ás Mulleres de Tiruchy conta coa súa propia coordinadora. A nivel de base o programa conta con 23 traballadoras. O programa está supervisado por I. Ambalavanan, director de PDI e pola dirección de Implicadas.

### **Balance económico**

Durante o período do informe o proxecto executou **3739,78 euros** se ben tivo que enfrontarse a dificultades económicas importantes. A nosa contraparte PDI tivo que tomar adiantos doutros proxectos que ten en marcha con outras entidades por un importe de 225,94 euros para poder cubrir a falta de liquidez. Este importe foi cuberto nos meses posteriores e dende Implicadas continuamos realizando todos os esforzos posibles para evitar estas situacións pero o atraso nos pagamentos de axudas á nosa organización ou



a retención de recibos de socias/os por parte do banco levan a que nalgúns momentos sexa imposible realizar transferencias aos proxectos na contía necesaria. A organización traballa para conseguir estabilizar o seu orzamento, algo para o cal precisamos o apoio das socias e socios e definitivamente un aumento da nosa base, algo no que traballamos intensamente.

**CORREDOR DE DESENVOLVEMENTO**  
**Ingresos e gastos de febreiro a abril de 2011**

<b>INGRESOS</b>	<b>Rupias</b>	<b>Euro</b>	<b>GASTOS</b>	<b>Rupias</b>	<b>Euro</b>
Balance de apertura 1/2/11					
En man	2192,00	37,79	Programa educativo	30050,00	518,10
No banco	2765,50	47,68	Empoderamento das mulleres	13300,00	229,31
Transferencia Implicadas	198696,00	3425,79	Funcionamento (alugueiro de oficinas, xuntanza	56092,00	967,10
Intereses	149,00	2,57	Gastos indirectos (documentación, transporte)	14000,00	241,38
Adiantos doutros proxectos	13104,52	225,94			
			Salarios	81700,00	1408,62
			Devolución adianto	20000,00	344,83
			Gastos bancarios	44,00	0,76
					0,00
			Balance de peche		0,00
			En man	0,00	0,00
			No banco	1721,00	29,67
	<b>216907,02</b>	<b>3739,78</b>		<b>216907,00</b>	<b>3739,78</b>

## VOCES DENDE O PROGRAMA



Thangaselvi ten 27 anos e vive en Madapathur, no distrito de Karaikal. Ten dúas fillas, unha en 1º curso e a outra de só catro anos. O seu home é pescador. Dende sempre tivera interese por aprender costura pero pola situación da familia non puidera nunca asistir a clases. O programa puxo en marcha un centro de costura na súa aldea e agora conseguiu un crédito da Federación de grupos de aforro de Karaikal iniciada polo programa e conseguiu un crédito de 86 euros cun xuro do 1%. A partir de entón conseguiu poñer en marcha un negocio de costura na aldea. Agora gaña un euro e medio ao día e pode devolver o crédito sen problemas.



Muthulakshmi ten 35 anos e vive en Thenkarai, unha aldea de Karaikal. Ten dúas fillas e un fillo que estudan 9º e 3º curso e 7º curso respectivamente. Ela encárgase da casa e o home traballa de xornaleiro. Debido á mala condición económica da familia non adoitaban prestar especial atención á educación das crianzas pero ao comezar as clases de apoio a situación cambiou e agora as tres van moi ben na escola



